

Presentación.

A Delegación do Goberno en Galicia e a Subdelegación do Goberno na Coruña dirixen a Administración do Estado na Comunidade Autónoma e na provincia, respectivamente, cunha ampla oferta de servizos á cidadanía que se recollen na súa [Carta de Servizos](#) xa consolidada.

Como complemento á mesma, ao poder tramitarse total ou parcialmente cada vez máis servizos de forma electrónica, preséntase esta Carta de Servizos Electrónicos orientada a facilitar á cidadanía a comunicación coa Administración por medios electrónicos en calquera momento. Para iso, a Delegación e a Subdelegación ofrecen:

PUNTOS DE INFORMACIÓN

[Portal WEB](#)



REDES SOCIAIS

[Twitter](#)



[Facebook](#)



secretario.galicia@correo.gob.es



981 989 000

PUNTOS DE TRAMITACIÓN E XESTIÓN

 **Sede Electrónica**
Todos sus tramites
a un sólo click.

SEDES ELECTRÓNICAS

 **administracion.gob.es**
punto de acceso general

Servizos electrónicos que se prestan.

Un número cada vez maior dos servizos que se prestan na Delegación e na Subdelegación realízanse total ou parcialmente de forma electrónica.

Antes de acceder á relación exhaustiva de servizos electrónicos e o seu procedemento de posta en marcha, recóllese unha breve relación do tipo de servizos que nela se poden atopar para iniciar ou tramitar:

- Información e Atención á Cidadanía.
- Servizos dirixidos a inmigrantes en España.
- Servizos relacionados con emprego ou emigrantes.
- Información, rexistro e axuda en expedientes de homologación e equivalencia de títulos universitarios estranxeiros. Información sobre procedemento a seguir para a recollida de títulos universitarios españois.
- Tramitación de expedientes relacionados con explosivos e pirotecnia.
- Expropiacións. Tramitación de expedientes de *justiprecio
- Intervención estatal ante situacións de emerxencia ou catastróficas.
- Vacinación internacional.
- Inspección de farmacia.
- Sanidade exterior.
- Sanidade vexetal/Control fitosanitario necesario para a importación/exportación de produtos.

- Sanidade Animal/ Control veterinario ás exportacións agroalimentarias e á importación de pensos e produtos de orixe animal non destinados a consumo humano. Certificados de exportación de animais de compañía.
- Pesca marítima de recreo.
- Xestión económica.
- Xustiza.
- Expedientes correspondentes a sancións administrativas.
- Solicitude de autorizacións administrativas.
- Servizos a Empresas e outras Administracións.

A relación completa actualizada dos servizos electrónicos dispoñibles é:





ompromisos e a súa verificación.

Á marxe das obrigacións legais en materia de cumprimento de prazos, a Delegación do Goberno en Galicia e a Subdelegación do Goberno na Coruña adquiren unha serie de compromisos que, conforme ao obxectivo de mellora continua, e dentro do prazo de vixencia desta Carta, iranse actualizando para estar en consonancia cos servizos electrónicos que se prestan.

Os compromisos adquiridos e a actualización trimestral do seu cumprimento pódese consultar en:



R requisitos de conexión.

O acceso aos servizos electrónicos pódese realizar hoxe día desde diferentes equipos (computadores, teléfonos, tabletas) que operan con distintos programas de navegación, conexións con diferente grao de seguridade, etc.

Este acceso requirirá, nalgúns casos, a identificación dixital das persoas usuarias a través de diferentes medios, entre os que destaca actualmente a plataforma [cl@ve](#). Así mesmo noutros casos requirirase asinar electronicamente, para o que se require o uso de plataformas como as actuais [AutoFirma](#) y [@firma](#), sen prexuízo de posibles cambios futuros que se reflectirán en documento anexo.

En todo caso, tendo en conta a actual evolución tecnolóxica, os requisitos técnicos específicos recóllense nun ficheiro adxunto, o cal se irá actualizando por parte da Administración cos cambios tecnolóxicos que se vaian producindo.



M

edidas de subsanación en caso de incumplimento dos compromisos

En caso de incumplimento dos compromisos asumidos nesta Carta, as persoas usuarias poderán dirixirse á unidade responsable da mesma, **por escrito, [correo electrónico](#) ou por vía telemática** con tratamento como [Queixa ou Suxestión](#), especificando o compromiso que se considera incumplido e os feitos que motivan este incumplimento.

A persoa responsable do Organismo informará o cidadán ou cidadá das causas do posible incumplimento e das actuacións e medidas adoptadas, no seu caso. Así mesmo presentará as oportunas desculpas si se observaron deficiencias en relación con estas reclamacións.

As reclamacións por incumplimento dos compromisos declarados nesta carta, en ningún caso darán lugar a responsabilidade patrimonial da Administración.



Unidade responsable

A Unidade responsable desta Carta de Servizos Electrónicos é:

Secretaría Xeral da Delegación do Goberno en Galicia

Dirección: Praza de Ourense, 11, 15071 - Coruña, A.

Correo electrónico: secretario.galicia@correo.gob.es

Teléfono: [981 989 227/228](tel:981989227228) (Horario de 9:00 a 14:00 horas)

Dita Unidade será a encargada de velar polo cumprimento da mesma e de comprobar as correspondentes accións de mellora.

Publicación e vixencia da Carta.

Esta Carta de Servizos Electrónicos publicarase polo menos en:

- O [Portal WEB](#) da Delegación do Goberno en Galicia.
- O [Portal WEB](#) do Ministerio de Política Territorial.
- A [Sede Electrónica](#) do Ministerio de Política Territorial.
- O [Portal de Transparencia](#).
- O [Punto de Acceso Xeral](#) das Administracións Públicas.

O período de vixencia desta Carta será de 3 anos (2021 - 2024)